

ASISTENTES:

Presidenta:

Dona Dolores Fernández Galiño

Vicepresidenta:

Dona Mariía Xosé Porteiro García

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Dona Natalia Prieto Viso

Polo Consello Consultivo

Dona Ana María López Guizán

Polo Consello de Contas

Don Manuel José Santana Suárez

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretario:

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 10.00 horas do día 1 de xuño de 2020, en sesión celebrada por videoconferencia, e coa asistencia das persoas indicadas á marxe, ten lugar a XLII sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1. - Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvinda aos membros. Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 26 de maio de 2020.

Constátase o envío da acta da sesión XL.

Estando conformes todos os membros presentes apróbase por asentimento.

3. - Votación sobre o criterio de resolución de reclamacións nas que conorra causa de inadmisión.

Pola Presidenta da Comisión propónse a orde de votación sobre as catro opcións remitidas aos/ás membros da Comisión, aprobándose por unanimidade a que figura como opción 4ª que figura a continuación:

A opción inadmisión/desestimación esixe unha análise das circunstancias concretas de cada caso. Con carácter xeral:

a) Nos supostos de resolución expresa, a inadmisión a limine debe cingirse aos supostos do artigo 116 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPC), de interpretación ademais restritiva segundo constante xurisprudencia do Tribunal Supremo, con base no principio pro actione (neste mesmo sentido, o informe do CGPJ sobre o anteproxecto de lei do procedemento administrativo común).

Hai que considerar neste punto que a reclamación previa ante a CTG non é unha nova solicitude de acceso, senón que é un mecanismo de revisión en vía administrativa do acto previo.

b) Nos supostos de desestimación presunta da solicitude, de novo só é posible a inadmisión a limine con base nas causas tasadas do artigo 116 da LPC. A inadmisión con base nas causas do artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, esixe unha apreciación pola Administración á que se dirixiu a solicitude de acceso e, en consecuencia, a emisión dun informe ao efecto e o trámite de audiencia á persoa reclamante coa finalidade de que poida alegar o que estime pertinente na defensa dos seus dereitos (art. 24.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, en relación co 118.1 da LPC). Polo tanto, neste suposto, de concordar a CTG coa concorrencia da causa de inadmisión invocada pola Administración, deberá procederse á desestimación do recurso ao terse xa tramitado o procedemento (neste sentido, o ditame do Consello Consultivo de Galicia 479/19

4. Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 30 de xuño de 2020, ás 12.00 horas.

5. . - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 12.18 horas da tarde levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Maria Dolores Fernández Galiño
Presidenta de la Comisión da Transparencia

Santiago González Serrano
Secretario da Comisión da Transparencia